

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 20 DE MARZO DE 2014

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 20 de marzo de 2014, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a María Estela Delgado Fernández
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez
D Vitor Manuel Sierra Nieves

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez .

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 6 de febreiro de 2014.

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 6 de febreiro de 2014 e non formulándose ningunha, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos dezasete membros do Pleno.

2º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á aprobación inicial do orzamento municipal exercicio 2014.

Fai uso da palabra o sr Alcalde para dicir que este punto ten dous ditamenes da Comisión de Facenda, e que como é lóxico o que ten valor é o último, o da Comisión celebrada o pasado luns día 17 de marzo de 2014. Di que aínda que non afecta ao ditame e que se corraxirá na próxima acta, tamén quere sinalar que na redacción da acta da Comisión de Facenda, di que os asuntos que se ditaminaron foron por unanimidade cando non foi así, pois houbo unha abstención do concelleiro do BNG, sr Sierra. Dá conta do ditame o Alcalde e fai uso da palabra para dicir que os orzamentos deste ano, que ascenden a 8.162.884€, seguen a tendencia xeneralizada nos últimos anos de reducións, aínda que este ano é unha pequena diminución con respecto ao ano 2013, o que fai que comparándoo cos exercicios anteriores como o do 2008 estase a falar de case un millón e medio menos do presuposto máximo que chegou a ter este Concello, polo que iso obriga a axustar todas as partidas para poder cumprir co obxectivo que se pretendeu ao longo dos anos de goberno do seu Grupo, que é non suprimir ningún dos servizos que se están a prestar no Concello, como os servizos sociais, culturais, educativos, deportivos, etc., nin suprimir tampouco ningunha das axudas ás distintas asociacións que existen neste Concello. Di que no tema de persoal, como legalmente non se pode contratar nin ampliar plantilla, a previsión é que o día no que entre en vigor o orzamento deste ano se saquen a concurso as prazas de dous policíaas que hai vacantes, remitíndose as bases para a súa publicación, e que o resto de prazas non é posible cubrilas aínda que se manteñen todas por prudencia pero non se poden cubrir por imperativo legal. Di o alcalde que non se vai a ir a ningún tipo de préstamo para atender ás necesidades do orzamento, que este ano, que se prevé unha inversión de case 170.000 €, que lle parece extraordinaria para os tempos nos que estamos, para a ampliación da Depuradora, pero que se conseguiu axustar os orzamentos para presupostar esa cantidade sen necesidade de ter que ir a ningún préstamo, aínda que se podería ir perfectamente sen ningún tipo de problema, pois o límite do endebedamento está no 75%, dos seus recursos propios e o endebedamento do Concello do Barco está no 18,7%. Remata o sr. Alcalde dicindo que un ano máis a liquidación está encamiñada e que en breve xa se aprobará definitivamente, cuns resultados dentro dos esperados, o que demostra que se administra con bo criterio e sobre todo con rigor para conseguir o obxectivo marcado durante todos os anos e que a día de hoxe se foi conseguindo, que é non gastar máis do que se ingresa.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, o sr. Blanco Paradelo, quen di que esperaba unha intervención máis extensa por parte do sr. Alcalde, que este é o décimo quinto orzamento municipal que presenta o goberno socialista do Concello do Barco de Valdeorras e terceiro presuposto do cuarto mandato do sr. Alcalde e se cabe o máis desilusionante de todos os que ata o de agora se presentaron. Di o sr. Blanco que a maioría absoluta do equipo de goberno sírvelle para impoñer e utilizar a democracia ao seu antollo pero parece non servirlle para mellorar ou incrementar a actividade de goberno, traendo consigo pasividade, impotencia e intolerancia política. Afirma o concelleiro que durante todos os anos de goberno do Grupo socialista o seu Grupo ven repetindo incansablemente as mesmas queixas polo retraso, formas e por todo o procedemento que se leva a cabo para a aprobación do orzamento municipal. Prosegue dicindo que o seu Grupo cualifica a estes orzamentos como os do desencanto, considerándoos continuístas, carentes de novas ideas e ilusionantes proxectos, que non se preocupan nin do futuro do Barco, aínda que tal vez si do futuro electoral, nin de construír e consolidar uns bos cimentos que garanten un maior benestar social. Di o voceiro que O Barco de Valdeorras segue ofrecendo uns datos negativos, pois pérdese poboación mentres que analizando datos oficiais, compróbase que concellos de identidade similar como Verín ou O Carballiño seguen aumentando a súa poboación, mentres que O Barco dende o ano 2009 non gaña poboación e a pesar diso o goberno municipal non toma ningunha medida de calado para intentar evitalo e que outro dos problemas detectados é a redución da taxa de natalidade e o equipo de goberno fixo nada nin puxo ningunha proposta sobre a mesa. Di que o sr. Alcalde presumía cando no Barco crecía a poboación, o que, segundo o Alcalde, demostraba que se vivía moi ben no Barco, evidentemente grazas a súa xestión, polo que agora pensa o sr. voceiro que tamén será culpa do sr. Alcalde que non medre de poboación o municipio. Di o sr. Blanco que o Concello do Barco tamén sofre a redución da actividade comercial e empresarial, pois dende o ano 2008 perdéronse ó redor dun cento de empresas e que o paro segue a ser un dos maiores problemas aos que se enfrenta os veciños do Barco, pois en febreiro de 2014 son 1.363 as persoas que están en paro e pensa que algo tería que aportar o Concello na solución do problema, porque o sr. Alcalde di moito pero facer non fai nada. Di o concelleiro que para o seu Grupo son uns presupostos desilusionantes, e por riba os concelleiros delegados, nin se molestan en presentar os seus plans ou proxectos para cada concellería e non dan explicación sobre o aumento ou diminución das partidas. Di o voceiro que antes de analizar a documentación orzamentaria, o seu Grupo quere agradecer o traballo e o esforzo de todos os técnicos municipais, de todo o persoal de Intervención, pois a conformación deste expediente xunto

co das taxas, é moi complicado pola gran cantidade de conceptos e cifras que se manexan, tendo que facerse nun tempo récord ao que engade que ten que ser difícil traballando co sr. Alcalde debido a que non planifica senón que improvisa, aínda que ó final os técnicos son os que pagan as consecuencias dos erros do Alcalde, pois son os que levan as culpas publicamente. Di o sr. Blanco que, como sempre, os orzamentos preséntanse fóra de prazo, sen conseguir unha uniformidade na documentación nin orde na presentación e que despois de levar quince anos facendo os presupostos poderíase facer unha boa presentación que facilitase o estudo e a comprensión. En relación á Memoria da Alcaldía o voceiro afirma que por primeira vez non é un “*copia e pega*”, e que no respecta ao seu contido é un tanto exiguo sobre o que se supón que debería ser o argumentario no que se sustenta a política presupostaria do grupo de goberno municipal. Prosegue dicindo que hai excesivo optimismo nalgunhas partidas de ingresos, que poderían acabar afectando á nivelación presupostaria real, como queda de manifesto no informe de Intervención. Di que destacan os capítulos I e II, correspondentes a impostos directos e indirectos, e III, que as taxas representan uns ingresos do 57,1% do total, establecendo unha presión fiscal por cidadán de 332,3€, aumentando con respecto a exercicios anteriores. Afirma o concelleiro que nos gastos aumenta o capítulo de persoal, alcanzando o 44,1% do total do presuposto, que lle parece incomprendible aínda que supón que influirán todos os contratos temporais que se converten en indefinidos pola ineficacia do equipo de goberno, polo que por quinta vez vólvelle a preguntar ó sr. Alcalde que explique para que serviu a RPT e eses 18.000€ que se gastaron na súa elaboración, sinalando tamén que existen informes desfavorables a este respecto. Prosegue dicindo o sr. Blanco que, como se evidencia no capítulo de bens correntes e servizos, hai un absoluto descontrol do gasto corrente, alcanzando o 44,7% do total dos gastos, e que quere recordarlle ao sr. Alcalde que segue sen funcionar o método de presentación da proposta de gastos para os gastos inferiores a 1.000€, o que é obxecto de diferentes informes desfavorables ó aprobar as facturas na Xunta de Goberno Local. Di o voceiro que sumando os capítulos correspondentes ao gasto ordinario obtense unha cifra que representa un 89% do total do presuposto, o que demostra a súa rixidez, é dicir que de cada 10€ que se gastan no Concello soamente se destinan a inversión 1,1€, o resto representa un gasto improdutivo, e que en relación á cantidade que figura no anexo de inversións, representa tan só un 5,4% aínda que aumenta a cantidade, pero que eses datos teñen trampa pois figura unha partida para a ampliación da EDAR, que figura tamén no plan estratéxico de subvencións e polo tanto non se pode computar dúas veces a mesma cantidade e para a mesma obra. Di que nas inversións chama a atención os 10.000€ para a apertura da rúa

das Regas, que xa ían o ano pasado e tamén a obra do entorno do colexio Divina Pastora obra que lle parece ben que se faga pero preguntase porqué na Memoria da Alcaldía se di que é unha obra prioritaria cando ese entorno leva cincuenta anos así e se fixeron antes outras obras que non eran tan prioritarias, como as rúas San Roque, Carrúa ou Ourense, quizás fose porque o sr. voceiro traballaba nese Colexio ou porque tiña alí o domicilio o antigo alcalde o sr. Gurriarán. Prosegue a intervención do voceiro do Grupo municipal do Partido Popular dicindo que a presión fiscal por cidadán era de 332,3 € e que resulta que a inversión real por cidadán cifrase en tan só 31,7€, polo que pode dicir que aos cidadáns cóbraselle 332,3€ pero invístense soamente 31,7€. Afirma o concelleiro que máis do 70% de subvencións concédense de forma directa ou nominativa, é dicir só 3 de cada 10 subvencións que se adxudican son a través de bases públicas e con concorrencia competitiva e que isto non o vía ben o sr. Alcalde cando se facía noutras administracións e agora decide facelo nesta Administración, e que é dende logo inaceptable que o 70% das subvencións sexan nominativas. Prosegue o concelleiro dicindo que en relación cos 12.000€ que se destinan ao Eixo Atlántico baseándose no éxito das feiras el non ve ese éxito por ningunha parte e que o recomendable é facer feiras no Concello con produtos locais. Di o voceiro que un dato interesante é que o Capítulo de ingresos correspondente a impostos directos que non chega para pagar o capítulo de gastos de persoal, nin sumándolle o capítulo II ao de ingresos, e que si se suman os capítulos de ingresos I, II e III, é dicir impostos directos, indirectos e taxas, non chega para pagar o capítulo I e II, é dicir, os gastos persoal e correntes, o que tería que facerlle reflexionar ao sr. Alcalde, pois evidentemente ten que botar man das subvencións e transferencias de capital doutras administracións que lle axudan a manter os seus servizos, aínda que o alcalde críticaos cando lle interesa. Di o sr. Blanco que en relación coa débeda municipal, hai que engadir á cantidade que se destina, 241.000€, aínda que se omite na documentación, a cantidade que se deixará de recibir por culpa das malas previsións do anterior goberno e as do Alcalde tamén, por suposto, das transferencias do Estado negativas do ano 2008 e 2009, como así figura no cuadrante da débeda, e que ascende a máis de cento vinte tres mil euros. O sr. Blanco afirma tamén que aínda que agora non se presenta para aprobación un recoñecemento extraxudicial de crédito, segundo as consultas realizadas con algún técnico virá para un próximo Pleno, o que evidencia un novo descontrol no gasto. Respecto do informe de Intervención o sr. Blanco afirma que é como todos os anos desfavorable e que en relación ás concellerías se ve unha continuidade absoluta, que soamente se trata dun simple encadre de cifras e que non atenden a ningún tipo de razón ou motivación xustificada, facendo de seguido o concelleiro unha análise das distintas aplicacións presupostarias

asignadas segundo o voceiro a distintas concellerías, afirmando que para servizos sociais se reduce a contía prevista en relación co anterior exercicio polo que o presuposto é regresivo socialmente, que educación é a concellería que menor actividade ten xunto coa de servizos sociais, reducíndose a súa actividade a conceder axudas ás Anpas e organizar catro ou cinco concursos, que cultura, continúa subvencionando as entidades culturais cunha cantidade ridícula e que despois de 15 anos o Concello segue sen ter museo, que en medio rural o presuposto é insuficiente para evitar o continuo deterioro do rural, pero que como o obxectivo do equipo de goberno é outro, a cantidade destinada é máis que suficiente, que en turismo e comercio, como cada ano promete o despegue do turismo no Barco e seguen sen poñer en valor as cousas que temos, que no comercio bótase en falta algún proxecto conxunto co Centro Comercial Aberto, pois non son soamente os comercios asociados ao Centro os que existen no Barco senón que hai moitos máis e que deberían verse beneficiados por subvencións ou programas de axuda se os houbera, e que en relación coa suspensión do desfile de moda espera que se poñan en prácticas outro tipo de medidas e actividades que poidan xustificar a achega municipal que se lle concede, que a medio ambiente, se destina un 0,9% do orzamento o que pon de manifesto a importancia que se lle da, aínda que posto que se nega toda existencia de vertedoiros, vertidos e problemas coas árbores é lóxico que a porcentaxe sexa tan ridícula, que ante o aumento dos gastos non sabe para qué serve o aforro enerxético, respecto dos parques e xardíns afirma que supón o 3,5% do orzamento e que é unha cantidade máis que suficiente á vista de que a maioría de partidas non están especificadas e en moitos dos casos gástanse sen ningún criterio e que hai que ter máis rigor nos gastos e especificar a qué corresponde cada un dos gastos, que en relación coa área de deportes e xuventude, a cantidade que se destina representa o 5,5% do presuposto e que a política de xuventude non so consiste en organizar actividades cantas máis mellor senón que hai que intentar axudar aos mozos coas iniciativas emprendedoras, co primeiro posto de traballo ou coa primeira vivenda, e que segue sen conseguir que O Barco volva a ter un equipo de baloncesto na categoría senior masculino. Continúa o concelleiro referíndose que en relación coa promoción de emprego o gasto que se prevé representa o 1,2% do orzamento e que é esa a aposta que se fai polo fomento e creación do emprego, e que aínda que o Goberno central elimina toda competencia de emprego coa recente reforma local para concellos de menos de 20.000 habitantes, non pensa que vaia a prohibir ao sr. Alcalde que faga plans de promoción do viveiro de empresas, cunha ocupación moi pobre, ou lle impida facer concursos de emprendedores e plans para dinamizar a praza de abastos, cuxa ocupación é do 56,2%, e que na memoria da Alcaldía do anterior presuposto afirmábase que se ía destinar

3.000€ para actividades para promoción de empresas pero que non houbo ningún tipo de actividade e ó final debeuse de gastar noutro tipo de cousas. Prosegue o sr Blanco dicindo que quere referirse a unha nova partida que o seu Grupo bautizou como partida de caticadas varias, e que lle propón ao sr Alcalde que a inclúa no próximo exercicio. Di que neste exercicio conta con 322.847€, que sae de sumar os gastos destinados a estradas, camiños públicos, mantemento de infraestruturas, de bens naturais, outros subministros, materiais, etc., que son todos caticadas varias para libre disposición e para gastos múltiples, que nesas aplicacións como non están especificados os gastos é onde aproveitan para facer os gastos difíciles de controlar, por iso se incrementa en 9.000€ a partida destinada a arranxos de camiños. Di o sr. concelleiro que estes orzamentos non xeran ilusión e con eso o equipo de goberno renuncia a contribuír á saída da crise, renuncia a que mellore a situación actual de moitas familias, renuncia a que mellore as cifras de desemprego, a que aumente a actividade económica e comercial, etc. Remata a súa quenda o sr. Blanco afirmando que despois de 15 anos ao fronte do Concello do Barco xa está ben que o sr. Alcalde lle bote a culpa sempre aos demais, sempre a causas alleas, e que os orzamentos son, ademais de continuadores, inservibles, e por todo o exposto o voto do seu Grupo será contrario á aprobación dos orzamentos.

Concédeselle a palabra ó concelleiro do Grupo mixto municipal, o sr Sierra Nieves, quen di que lle chama moito a atención que coincide en moitas cousas co que acaba de dicir o sr. Blanco e que lle sorprende, aínda que tenlle que dicir, sen ánimo de liorta, que agora xusto que se vai rehabilitar e transformar o entorno do colexio privado pois proteste cando leva moitas comisións protestando polo contrario e ademais tamén fala da rúa Real e rúa San Roque cando si tanto se fai nese barrio é porque hai unha Asociación que exerce de lobby, que é cercana ao seu partido. Prosegue o voceiro dicindo que non sabe si lle ten que dar as grazas ao Alcalde por presentar os orzamentos no primeiro trimestre do ano, e quere recordarlle que aínda que leve moitos anos na institución, a institución non é súa e que por iso esixe respecto aos concelleiros e concelleiras da Corporación, xa que nos últimos tempos fíxose moito máis pública a forma de facer política do alcalde, convocando as comisións errónea e premeditadamente, pois pensa que o documento máis importante do ano da Casa Consistorial require outro tratamento diferente. Di o sr. Sierra que o posicionamento do seu Grupo xa é público, que ó ser uns orzamentos que continúan co anterior a súa intervención sería case practicamente a do ano pasado, aínda que é posible que o sr. Alcalde diga que o BNG non ten debate nin opinión, só quere falar de tres cuestións xa publicadas na prensa e recordarlle, a parte de todo o debate que tivo o ano pasado, a falta de medidas nas políticas sociais, que

nestes tempos é cando máis se precisan, que outra materia prioritaria é o impulso do emprego e da economía produtiva, que é moito máis prioritario que moitas obras que contemplan estes orzamentos, e, que como xa dixo o ano pasado, seguen a aparecer partidas para soldos de traballadores desta Casa que non existen. Di o concelleiro que se vai a ausentar do salón de sesións durante a votación para non colaborar nela, poñendo de manifesto que o goberno municipal do Concello do Barco de Valdeorras fai oídos xordos á oposición e escenificando, polo tanto, a súa forma de goberno en solitario.

Neste momento o concelleiro sr. Sierra Nieves abandona o salón de sesións.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde para dicir que houbo un concelleiro nesta Corporación que dixo que o Pleno era como un teatro no que cada un escenificaba a súa posición e que a el lle parece ben que se queiran sacar imaxes para a prensa que ó final non aportan nada para os cidadáns, que supón que son aos que defende a Corporación e aos que hai que xustificar as actuacións de cada un dos seus membros. Di que é difícil contestar a todo o que se dixo polo sr. Blanco pois cada vez que fai unha pregunta xa a responde o mesmo voceiro como se fora verdade absoluta. Di o alcalde que aínda que respecta a postura do Grupo municipal do Partido Popular evidentemente non está de acordo con ela, pois o que fixo o voceiro foi coller os números e fixo porcentaxes e os sumou como lle pareceu e interesou. En relación coas aportacións doutras administracións o sr. Blanco di que é normal que faga uso de algo que lle corresponde por dereito, como a todos os Concellos, e se as suprimiran habería que subir as taxas, que o que tiña o Estado é que dar o diñeiro para prestar os servizos, e que os Concellos de España prestan o 25% dos servizos e sen embargo os Concellos reciben o 13% das aportacións, que iso pasa en todos os Concellos, xa sexan do PSOE, do PP, do BNG ou de calquera partido independente, que todos dirán o mesmo pois hai unanimidade de criterios. Di o alcalde que en relación coa obra do entorno do colexio Divina Pastora, non lle contesta polo respecto que lle tiña ao antigo alcalde e que a obra non se fixo antes porque había un compromiso co Conselleiro dende facía tres anos atrás e que non cumpriu. Afirma que os dous voceiros dos grupos da oposición deberían de lerse a Lei de Bases que acaba de aprobar o ministro Montoro, que este ano o Concello do Barco, xunto cos demais concellos da Comarca, solicitou obradoiros de emprego co informe desfavorable de Secretaría porque xa non son competencias, pois quitáronas expresamente e por iso a Xunta vai sacar unhas medidas urxentes non para resolver o problema dos concellos senón para resolver o seu problema posto que a metade dos servizos que prestan os Concellos son competencias das

Comunidades Autónomas e que polo tanto non se pode arrogar ao Alcalde competencias que non ten. Di que no tema do turismo, fai uns días tomouse a decisión cun técnico da Deputación de suprimir o Consorcio de Turismo porque é ilegal ter ese Consorcio coa nova Lei de Bases, e estase a estudar facer unha asociación de concellos para poder desenrolar o plan. Prosegue o alcalde dicindo que aos Concellos medianos como o do Barco, os de menos de 20.000 habitantes, son aos que o Goberno actual decidiu pasar a coitelo, cando non teñen débedas, pois as débedas están nos grandes Concellos, nas Comunidades Autónomas e no Goberno central, e cada día auméntana máis, e esa é a realidade, e que si os orzamentos deste Concello son continuadores é porque non dá para máis, pois hai que atender a todos eses servizos, que o sr. Blanco utiliza aos técnicos como lle parece e que si o expediente extraxudicial de crédito non se trae a aprobación no presente Pleno é porque foron os técnicos os que aconsellaron tralo para o próximo, pois debido aos controis que hai agora era mellor aprobar o orzamento e deixar o extraxudicial para o pleno vindeiro, que a parte das facturas que non se puideron pagar ata o 31 de xaneiro foi porque o día 20 de xaneiro o Ministerio de Facenda dixo que había que pechar a contabilidade, cando as bases deste Concello di que a contabilidade se pecha o 31 de xaneiro e sempre se aproveitou ata o 31 para pagar facturas do ano anterior e non se puido facer e por iso quedaron factura para o recoñecemento extraxudicial. Di que el critica ao sr. Montoro, como di o voceiro do PP, todos os días e os Alcaldes municipalistas tamén, e non a todos os españois lle vai tan ben con el, dende logo aos banqueiros si e a Amancio Ortega tamén, pero aos que están no paro non cre que lle vaia tan ben. Di que a presión fiscal aumenta porque interveñen unha serie de factores, pois todas as taxas do Concello están conxeladas polo tanto ningún veciño verá nos recibos que paga que teñan subida. Remata dicindo o sr Alcalde que ese paisaxe derrotista que o sr. Blanco pintou é a opinión do voceiro do PP e que o Equipo de goberno ten a súa, que seguirán prestando os servizos que estaban prestando e da forma que se estaban a prestar.

Fai uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, o sr. Blanco Paradelo, para dicir que o sr. Alcalde sempre di o mesmo que dixo outros anos no debate de orzamentos, que si algunha das cousas que el dixo é mentira o que ten que facer o Alcalde é demostralo, pois os datos que deu están sacados dos capítulos do orzamento, non inventou nada. Di o concelleiro que os propios informes din que aumentou a presión fiscal neste Concello, con respecto aos anos anteriores, aínda que o Alcalde o nega, que o Partido Socialista non debería de falar en relación co emprego e os parados, pois cando chegou ao Goberno da Estado había 2,3 millóns de parados e cando se foron había 5,5 millóns de parados, que co debate tratou

de poñer de manifesto o que o seu Grupo entende con eses orzamentos, presentando alternativas ao mesmo tempo, non so neste pleno senón tamén noutros anos, presentándose propostas como o Plan Integral de Reforma da zona de Caleras e As Regas, o Plan para fomento de empadramento ou iniciativas para axuda, modernización e mellora da calidade do pequeno e mediano comercio, aprobadas por unanimidade no ano 2006, mentres que a única aportación do goberno municipal ao comercio é darlle 18.000€ ao Centro Comercial Aberto. Di que en relación co fomento de emprego, os obradoiros son unha medida que lle ven ben ao sr Alcalde pois sírvelle para facer distintas obras e arranxos varios pero que ó final é algo pasaxeiro. Di o concelleiro que so estea ocupada nun 53% da praza de abastos ou que o viveiro de empresas teña unha ocupación do 65% é un fracaso do sr. Alcalde, que o se Grupo fixo varias propostas pero o Alcalde se nega a aceptar, que tamén se pode entrar a valorar o ARI do Casco Vello, que está claro que cada vez vive menos xente no Casco Vello e as casas están máis deterioradas, que pecharon comercios e non se abriu ningún máis e que o alcalde terá algunha responsabilidade. Prosegue o sr. Blanco dicindo que bota en falta nos orzamentos partidas relativas á construción dunha nave municipal para depósito de vehículos, que foi aprobada mediante moción, ou os convenios de colaboración para doazón continuada e permanente de alimentos polas grandes superficies, tamén aprobada por moción, que o seu Grupo sempre está presentando alternativas e propostas que o sr. Alcalde obvia, que dende o ano 2000 o equipo de Goberno xestionou a cantidade de 105 millóns de euros en orzamentos máis toda a inversión que veu de fóra, e non quixo ou non soubo establecer as prioridades correctas pois con esa cantidade de millóns puido facer unha boa planificación e traballado coa vista posta no futuro, non nas próximas eleccións, destinando diñeiro para fomento de emprego, colaborar co pequeno e mediano comercio, impulso dos recursos turísticos, etc. Remata o sr. Blanco dicindo que, como xa anunciou na primeira intervención, o seu Grupo vai votar contrariamente á aprobación dos orzamentos.

Di o sr. Alcalde que soamente quere rebater algún dato que dixo o voceiro do PP, pois falou dun 53% de ocupación da praza de abastos e quere dicirlle que neste momento hai 9 postos ocupados e quedan 5 libres, estando ademais confirmados actualmente dous e un terceiro interesado, o que quere dicir que nestes dous últimos anos mellorou considerablemente a ocupación da praza de abastos. Di sobre o viveiro de empresas que hai seis viveiristas de oito, cinco ocupados e outro asinado, e que na Mesa de selección hai integrantes da Cámara de Comercio, da Consellería de Industria ou da Deputación e cando veñen felicitan ao Concello, polo que tan mal non se estará a facer cando a xente que ven de fóra di que as cousas van ben.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo), sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) e unha abstención (do concelleiro Sierra Nieves) o Pleno acorda aprobar inicialmente o Orzamento da Corporación para 2014.

Neste momento incorpórase á sesión o concelleiro Vitor Manuel Sierra Nieves.

3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á concesión de bonificación no ICIO solicitada por D^a Fuensanta Pérez Vidal.

Dá conta o sr. Alcalde do ditame favorable da Comisión de Patrimonio Facenda, Contas e Promoción Económica de 11 de marzo de 2014 e sinala que a actuación consiste nunha obra menor na rúa Real.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese histórico artístico e cultural, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.

4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á concesión de bonificación no ICIO solicitada por D. Pedro Arias Rodríguez.

Dá conta o sr. Alcalde do ditame favorable da Comisión de Patrimonio Facenda, Contas e Promoción Económica de 11 de marzo de 2014 e non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social (supresión de barreiras arquitectónicas), por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 90% na cota do ICIO.

5º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á concesión de bonificación no ICIO solicitada por D^a Melodía Wendolyne Mata Rodríguez.

Dá conta o sr. Alcalde do ditame favorable da Comisión de Patrimonio Facenda, Contas e Promoción Económica de 11 de marzo de 2014 e non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

ACORDAMOS:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social e histórico artístico, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.

6º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á concesión de bonificación no ICIO solicitada por D. Francisco Marques Carballo.

Dá conta o sr. Alcalde do ditame favorable da Comisión de Patrimonio Facenda, Contas e Promoción Económica de 11 de marzo de 2014.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo para dicir que hai dúbida en relación coa votación neste punto.

Di o sr Alcalde que decidiuse na Comisión de Facenda ditaminala favorablemente porque ten dereito á bonificación, que o único problema foi que no informe do Técnico denegábase a bonificación porque a obra xa estaba empezada e hai un condicionante que di que as obras que soliciten bonificación non poden estar empezadas, pero é que esta vivenda é unha das que se queimaron no incendio que houbo na rúa San Roque, polo que pensa

que é motivo suficiente para que non se teña en conta o feito de estar empezada a obra, pois tiña que vivir nesa casa.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social e histórico artístico, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.

7º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á cesión gratuíta á Cruz Vermella do uso de parte do ben inmovible de propiedade municipal “Casa Río Cigüeño”.

Dá conta o sr. Alcalde do ditame favorable da Comisión de Patrimonio Facenda, Contas e Promoción Económica de 11 de marzo de 2014 e di que en resumen o que se fai é unha cesión á Cruz Vermella da planta alta do edificio, cunha duración de 10 anos prorrogables por outros 10 e que unha vez aprobada a cesión e aceptada pola Cruz Vermella elevarase a escritura pública, que é cando empeza a contar o prazo da cesión.

Concédeselle a palabra ó concelleiro do BNG sr. Sierra Nieves, quen di que como xa ten dito nas Comisións pensa que as Asociacións deberían de estar todas no mesmo sitio e que este edificio podería ser mellor aproveitado para outros fins culturais. Di o sr. Sierra que lle parecen moito dez anos para esa cesión porque o que fai é empantanar durante dez anos o uso desa casa, que non está dicindo que a Cruz Vermella non sexa merecedora dese espazo, pero que se vai a abster.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dezaseis votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo, Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) e unha abstención (do concellerio sr. Sierra Nieves) o Pleno acorda:

Primeiro: Constituír un dereito real de uso para ceder gratuitamente o uso a favor da Cruz Roja Española de parte da planta alta do ben inmueble de natureza patrimonial inscrito no Rexistro da Propiedade no folio 45, do libro 183 do Barco, Tomo 568 do arquivo, finca 21.029 e cuxa descrición é a seguinte: “URBANA: SOLAR, sinalado con el número cinco de la calle A Veiguiña, que mide unos tres mil seiscientos noventa y cinco metros cuadrados, con una casa, en mal estado de conservación, compuesta de planta baja, cuadras y otros servicios, y planta alta a vivienda, que ocupa unos setecientos sesenta metros cuadrados por planta. Linda, en conjunto: Norte y Este, resto de finca matriz; Sur calle A Veiguiña y Oeste, Avenida del Bierzo.”, de acordo coas seguintes condicións:

1ª O edificio sobre o que recae a cesión gratuíta de uso ten unha planta baixa, unha planta alta e unha planta baixo cuberta. A cesión gratuíta de uso recae exclusivamente na planta alta e exclúe expresamente a sala de xuntas e os elementos comúns do corredor e vestíbulo-ascensor da planta alta e inclúe as seguintes dependencias: tres salas de exposicións, tres salas de oficinas, un arquivo e os aseos todas estas dependencias na planta alta do edificio.

2ª A duración da cesión será de 10 anos, prorrogable outros 10 para o que será preciso novo acordo plenario.

3ª As finalidades que se debe manter durante os 10 anos de cesión e, no seu caso durante a prórroga que se acorde, son as finalidades que persegue a Cruz Roja Española de acordo coa normativa que lle resulta de aplicación. O inicio da actividade e destino do ben ás finalidades que se perseguen será como máximo de 3 meses dende a elevación a escritura pública da cesión. A reversión do dereito cedido producirase automaticamente por non iniciar a finalidade para a que se cede o uso dos bens no prazo de 3 meses ou non dedicar os bens cedidos á finalidade para a que se cede o seu uso durante a duración da cesión e prórroga. Neste caso a Corporación Local terá dereito a percibir da entidade beneficiaria, previa taxación pericial, o valor dos detrimentos experimentados polos bens cedidos. Os bens cedidos reverterán ao patrimonio municipal con todas as súas pertenzas e accesións.

4ª A data de inicio e de cómputo dos 10 anos de cesión e a data da eficacia e validez da cesión será o día da elevación a escritura pública da aceptación da cesión e constitución do correspondente dereito real de uso. Antes do efectivo acceso ás dependencias cuxo uso se cede asinarase unha acta de entrega na que se fará constar o estado das instalacións e as consideracións que estimen o Concello e a Cruz Roja Española sobre os bens cuxo uso se cede.

5ª A Cruz Roja asumirá os gastos de electricidade do edificio e os gastos de mantemento e consumos da calefacción do edificio mentres sexa a única entidade que faga uso do mesmo. Para o caso de que realicen cesións de uso parciais doutras dependencias do edificio a outras entidades ou administracións públicas ou para o caso de que o Concello do Barco de Valdeorras decida establecer servizos municipais de carácter permanente noutras dependencias do edificio, os gastos aos que se refire esta cláusula distribuiranse proporcionalmente entre todos os cesionarios do edificio en función da superficie cedida.

Segundo: Este acordo condiciónase a que o órgano competente da Cruz Roja Española acepte a cesión do uso dos bens que se pretenden ceder nos termos que sinala este acordo.

Terceiro: Logo aceptación pola Cruz Roja Española, procederase a constituír o dereito real de uso e aceptación da cesión gratuíta mediante escritura pública. O dereito real que se constituía inscribírase no rexistro da propiedade. Estes custos serán asumidos pola Cruz Roja.

Cuarto: Comunicar á Xunta de Galicia a cesión gratuíta deste dereito real de uso.

8º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición do Grupo Municipal do BNG sobre “a iniciativa lexislativa popular de medidas para a creación de emprego ”

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ó concelleiro Sr. Sierra Nieves, quen dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“Desde o inicio da crise, diferentes movementos sociais están a defender todo un conxunto de propostas alternativas, orientadas a unha saída favorábel á clase traballadora galega e feita desde unha perspectiva de defensa dos intereses nacionais de Galiza, convencidos de que todas estas políticas de concentración e centralización da riqueza e do poder, aínda afonda moito máis no carácter colonial e periférico do noso país. Só desde alternativas feitas en función da nosa propia realidade social e económica, de reforzamento do noso autogoberno, da capacidade de decidir libremente en todas as materias, poderemos ofrecer alternativas que sirvan aos intereses das nosas clases traballadoras e que garantan un reparto equitativo da riqueza.

A central sindical Confederación Intersindical Galega (CIG) está a impulsar unha proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, con máis de cen medidas para

a creación de emprego en Galiza. Na súa exposición de motivos da proposición de lei (achégase anexada a proposición de lei) sinala o seguinte:

As medidas contidas nesta Lei axudarán a sentar as bases para un desenvolvemento económico e social máis sustentábel e suporían un aumento do emprego e unha mellora de dereitos sociais e da calidade de vida da maioría da poboación. A través doutra política fiscal, do incremento do gasto social e do investimento público, da creación de entidades financeiras públicas ao servizo da cidadanía e do noso tecido produtivo, de políticas que favorezan o emprego estábel, uns salarios dignos e postos de traballo en Galiza, contribuiremos a construír unha sociedade galega máis democrática, xusta, solidaria e humanizada, sustento da nosa identidade como pobo e piar da soberanía nacional á que aspiramos.

Outras vías son posíbeis e poden ser aplicadas. En primeiro lugar, a pesar de que a Xunta de Galiza e o Estado non poden utilizar a política monetaria, competencia exclusiva do Banco Central Europeo, si poden esixir que o dito banco compre débeda pública directamente aos Estados e CC.AA., así como usar a súa capacidade regulamentaria da actividade económica e os orzamentos públicos para tomar medidas extraordinarias en tempo de crise, xerando actividade económica directa en infraestruturas e servizos públicos, apoiando actividades económicas produtivas en sectores e unidades de produción directamente vinculadas á actividade económica e promovendo con capital público empresas en sectores estratéxicos da economía. É tempo de reivindicarmos a importancia social do público fronte ao privado, como forma de reactivar e incidir na orientación da economía en beneficio da maioría social e de garantir, en condicións dignas para toda a poboación, dereitos básicos como o ensino, a saúde, a enerxía, a pensión, a vivenda, o traballo ou a comunicación. Hai que rachar coas actuais políticas de recortes do investimento público, promovidas pola UE e o FMI, por non favoreceren a saída da crise, por seren contrarias á creación de emprego e por provocaren o empobrecemento e a exclusión social en amplos sectores da sociedade.

Galiza necesita autogobernarse, decidir sobre todo aquilo que precise para o seu libre desenvolvemento e para mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega. Mantemos viva a reivindicación e a loita pola soberanía nacional porque consideramos que o actual marco xurídico, imposto pola Constitución e o Estatuto de Autonomía, é claramente insuficiente naquelas materias que máis afectan a traballadores e traballadoras. A Xunta de Galiza ten que asumir un papel activo na reivindicación, non só de todas as transferencias pendentes de desenvolver, senón de todas aquelas necesarias para un desenvolvemento económico e social do país, propio, integral e autocentrado, particularmente a capacidade lexislativa en materia de emprego, laboral, protección social, industrial, pesqueira, agraria, así como en política fiscal e financeira.

Galiza tivo tradicionalmente, e segue a ter, un grave problema para o seu desenvolvemento industrial e económico, que ten a ver coa relación de

carácter colonial que mantén co Estado español, o que se transforma, por unha banda, en falta de competencias reais para definir o noso modelo económico, industrial e produtivo, e por outra, en que ese modelo sempre foi deseñado en función dos intereses de España e da oligarquía española e na actualidade en función dos intereses das grandes potencias económicas da UE e do seu capital financeiro. Isto implicou a existencia dun tecido industrial pouco desenvolvido, a presenza de moita industria de enclave, a destrución do noso sector primario e mesmo industrial en función de decisións tomadas polos gobernos españois ou pola UE, a apropiación por capital foráneo do noso excedente económico e un paro de carácter estrutural, maquillado na súa contía pola sangría da emigración.

Sectores como o naval, o agrogandeiro, o pesqueiro, o enerxético, o financeiro, etc., cun peso moi importante na nosa economía e básicos para o noso desenvolvemento económico e social, vense permanentemente limitados e reducidos no seu desenvolvemento como consecuencia de políticas do Goberno español e da UE, feitas desde a visión do centro do sistema e en función dos intereses dos estados e dos grupos económicos que controlan as políticas e as institucións europeas.

Nesta situación de crise, cunha forte caída do consumo e forte competencia exterior, é difícil que a iniciativa privada por si soa cree as condicións necesarias para saír desta, polo que lle corresponde ao sector público actuar como axente económico dinamizador. Cómpre, neste escenario, apostarmos firmemente por revitalizar o tecido produtivo e crear as condicións para xerar emprego, empezando por exixir do Goberno galego que rache coa súa política, de pasividade nuns casos e de complicidade noutros, diante da desfeita da base material do noso país, e non siga polo tanto contribuindo coa súa actitude a acentuar o carácter dependente de Galiza e o seu papel de reserva de man de obra barata e de fonte de materias primas e de recursos económicos para o capital financeiro español.

Polo demais, calquera acordo en materia económica e de emprego, ten que basearse nun marco que abandone o paradigma económico neoliberal e asentarse nun cambio estrutural que conduza á organización e desenvolvemento dunha economía baseada no traballo produtivo e o papel regulador e estabilizador do sector público, para asegurar un desenvolvemento sustentábel, así como un reparto equitativo e xusto da riqueza.

Por todos estes motivos, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

Acordo

1º. Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para a creación de emprego en Galiza que está a impulsar por iniciativa legislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

2º. Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.”

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo para dicir que ten que recoñecer que esta iniciativa é coherente cos plantexamentos que defende o BNG, polo que non se pode esquecer nin esconder que a CIG é un sindicato afín ó BNG, parecéndolle coherente os postulados que defende. Di que as ILP deben contar co apoio dos cidadáns maiores de idade, que este apoio maniféstase a través de sinaturas libremente recollidas e despois será no Parlamento de Galicia onde se vai substanciar esta iniciativa para o caso de que consigan máis de 15.000 sinaturas que fan falta, polo que pensa que non é neste caso o Pleno do Concello o que teña que adherirse ou non adherirse a esta iniciativa senón que ó finalizar a sesión pódese coller a firma libremente do que queira asinar. Remata dicindo o voceiro que o seu Grupo non vai a apoiar a moción.

Fai uso da palabra a sra. Dacal Feijoo, concelleira delegada de Promoción Económica, Turismo e Comercio, para dicir que o seu Grupo vai a apoiar a proposta do representante do BNG. Di que o primeiro problema que ten o país neste momento é o paro e hai que buscar solucións para a xeración de emprego, polo que a proposta parécelle positiva nese sentido pois trata de conseguir que a Xunta de Galicia poña en marcha medidas que incentiven a economía e con elo se xere emprego.

Concédeselle a palabra ao sr. Sierra Nieves que di que xa sabía do posicionamento do sr. Blanco e recordarlle que a recollida de sinaturas xa finalizou.

Di o sr. Blanco que lle sorprende que o PSOE apoie ese tipo de iniciativa, a non ser que a intención sexa facer pinza contra o Goberno, porque el está completamente seguro de que o PSOE como tal non respalda a maioría das propostas da moción.

Fai uso da palabra a sra. Dacal Feijoo que afirma que cre que se debe apoiar porque toda iniciativa que sexa para xerar emprego parécelle unha boa iniciativa.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez

Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

1º. Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para a creación de emprego en Galiza que está a impulsar por iniciativa lexislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

2º. Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.

9º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición do Grupo Municipal do BNG sobre “*declaración concello do Barco vila libre de circos con animais*”

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ó concelleiro Sr. Sierra Nieves, quen dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“A cuestión do respecto cara aos animais levou a cidadanía a demandar novas accións en diferentes eidos normativos. O uso de animais en espectáculos é, quizais, un dos aspectos máis surrealistas que teñen lugar no noso país, nomeadamente os circos, que ofrecen unha imaxe radicalmente distorsionada do que supón a fauna silvestre.

A vida destes animais nos circos caracterízase polo illamento, o castigo, o medo e o cativerio. As exhibicións de animais nos circos ofrecen tamén unha mensaxe educativa negativa. Aínda que os espectáculos circenses non amosen condutas de violencia explícita á vista do público espectador, os actos que os animais teñen que realizar durante toda a súa vida non son habituais nin naturais e, para obrígalos a se comportaren deste xeito, sométenos a métodos de adestramento baseados no castigo físico, a privación de alimento e ao illamento do resto dos seus conxéneros. Os animais que viven nos circos están obrigados a permaneceren o resto da súa vida privados de liberdade, atados, engaiolados ou encadeados en camións de traslado, negando calquera posibilidade de satisfacción das súas necesidades etolóxicas e naturais. A natureza transitoria dos circos e a vida constante de confinamento, privación de estimulación e frustración da fauna, conduce os animais a estados neuróticos e comportamentos repetitivos “estereotipados”, como balancear a cabeza ou corpo, movementos circulares dentro das gaiolas e até automutilacións.

Estes trastornos psicolóxicos chegan a provocar reaccións violentas que poden causar graves riscos para as persoas en caso de accidente, un extremo que sucedeu en numerosas ocasións ao longo dos últimos anos.

Un importante número de países e vilas de todo o mundo xa vetaron o uso de

animais nos circos con base na súa protección e benestar, ao considerar que a súa exhibición e as condicións de vida supoñen unha crueldade, ao mesmo tempo que incrementan o tráfico ilegal de animais e a caza furtiva de especies protexidas. Os circos usan os animais como reclamo do público infantil. Xulgamos que os pequenos e as pequenas deste país, a sociedade do futuro, merecen unha educación baseada en valores que inclúan o respecto cara aos seres vivos e o contorno.

E por iso que propomos:

1. Que este concello non autorice nin promova ou ampare a instalación de circos con animais no termo municipal.
2. Declarar este concello vila libre de circos con animais.
3. Que este concello non permita a instalación de publicidade de espectáculos circenses con animais no termo municipal.
4. Notificar este acordo á Xunta de Galiza, aos grupos do Parlamento de Galiza e á Asociación Animalista Libera.”

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo para dicir que o seu Grupo entende a boa vontade da iniciativa, compartindo moitas das afirmacións expresadas polo sr. Sierra, pero non están de acordo coa visión máis radical, é dicir, que está de acordo en que hai que controlar o tipo de medidas hixiénicas, sanitarias, de seguridade, de conservación, etc. que teñen os circos que se instalen no termo municipal, pero que o obxectivo non ten que ser a prohibición. Di que aínda que en torno ao centenar de Concellos de toda España subscribiron este acordo tamén hai que ter en conta a normativa europea a este respecto e que o seu Grupo considera que non hai que facer unha prohibición expresa de este tipo de espectáculos senón que hai que intensificar a regulación dos controis, que mentres que os animais estean ben coidados, non sufran ningún tipo de maltrato e teñan ó día os seus rexistros sanitarios, pensa que a xente podería seguir gozando desa actividade. Remata dicindo que o PP está de acordo en que se extreme a vixilancia e os controis pero non en facer unha prohibición absoluta, polo que non van votar a favor da moción.

Fai uso da palabra o sr. Ojea Arias, concelleiro delegado de Cultura, para dicir que gustaríalle poder facer algo de teatro pero como non sabe vaise a limitar simplemente a falar da moción. Di o concelleiro que tal como se plantexa a vida dos animais no circo parece unha visión reprobable, pois os animais atópanse fóra do seu hábitat natural, pero son só un reclamo para o negocio que propoñen os promotores cirquenses. Pensa que o circo é unha forma de vida dunha gran cantidade de familias que ao longo de moitas xeracións dedícanse a esta actividade, que está regulada por moitos estamentos e en cada un deles deben de cumprir unha serie de requisitos mínimos esixibles, tendo a maioría dos circos veterinarios para os animais salvaxes. Prosegue dicindo que esta moción está chea de verdades, que si

nela se pedisen maiores esixencias e controis ás respectivas Administracións o seu Grupo non tería inconvenientes en apoiala, pero o que se pide é demasiado esixente. Remata dicindo o concelleiro que dado que a moción é categórica o seu grupo a vai a rexeitar, recordando tamén que independentemente da moción o Concello do Barco non é competente para tomar este acordo, pois si se tomara favorablemente sería nulo de dereito co cal non tería máis transcendencia.

Di o sr. Sierra Nieves que queda abraiado que o sr. Ojea non saiba de teatro, porque como concelleiro de Cultura, como o único que fai a súa Concellería é teatro imaxina que algo de teatro saberá, pois a cultura no Barco o único que redúcese ateatro. Di o concelleiro que lle chama a atención o posicionamento dos dous grupos municipais xa que o concello de Ares ou de Betanzos onde governa o PSOE aprobaron mocións moi parecida e o concello de Fene, onde governa o PP, aprobou a mesma moción, nos concellos de Vigo, Ourense e Lugo, onde governa o PSOE, no último ano aprobaron unha moción parecida e tamén no concello de Foz onde governa o PP. Di que só en Cataluña hai 99 municipios que aprobaron mocións como esta e que foi presentada unha proposición de Lei apoiada polo PSC que terá luz verde en breve, que busca evitar o sufrimento e malos tratos nos animais dos circos, e que por iso lle chama a atención a diferenza de posicionamentos dun mesmo partido nun concello ou noutro. Di o sr. Sierra que en todos os plenos o sr. Blanco remata chamándolle radical e non hai nada radical nesta moción senón que vai en defensa dos animais. Di que quere sinalar que o último circo que estivo no Barco, o Coliseo, ten varios expedientes abertos por maltrato animal, e só facía falta visitar os animais que traía para darse conta que moitos deles sufrían esteriotipia, que os circos están regulados pero sabe perfectamente o sr. Ojea que neste Concello non se cumpren os regulamentos. Remata dicindo o concelleiro que non pide a prohibición dos circos senón o cambio de que os circos que veñan ao Barco se baseen nas habilidades humanas e non no maltrato animal.

Di o sr. Blanco Paradelo que el non lle chamou radical ao sr. Sierra, que dixo que a proposta era tallante e que dixo tamén que compartía o espírito da moción e que para o caso de que realmente todo o que expuxo o sr. Sierra sobre o circo que ultimamente estivo no Barco é así haberá que aplicar a Lei e que hai que insistir no control.

Di o sr. Ojea Arias que como o sr. Sierra non estivo cando se debateu, quere dicirle que o teatro non é o que se promove dende o departamento de cultura, que o maltrato animal non está unido só ao tema dos circos, pois no

momento que un animal está fora do seu hábitat, que ven pode ser nunha casa particular, tamén é maltrato animal e que pensa que é un tema de debate moito máis importante do que se poida facer neste Pleno.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria da moción presentada co resultado de que, por dezaseis votos en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo, Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) e un a favor (do concelleiro Sierra Nieves), o Pleno do Concello non aproba a moción presentada.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1 Rogos e preguntas.

Pide a palabra o sr. Blanco Paradelo quen, unha vez concedida, di que quere poñer de manifesto un problema que sucedeu no Parque Infantil onde está a fonte da ra, coa ruptura dun elemento de xogo, un balancín, cando estaba sendo empregado por nenos, e que evidentemente non houbo consecuencias persoais, que ó final é o importante, pero que polas manifestacións dos pais que estaban alí, puido ter un resultado distinto. Pregúntalle ao sr. concelleiro delegado se están facendo todos os controis de acordo coas gamas de mantemento das distintas empresas e tamén lle roga que na próxima Comisión de Deportes que leve unha relación detallada das revisións periódicas que se fan nos distintos parques infantís do Barco.

Concédeselle a palabra ao sr. Fernández Arias, concelleiro delegado de Parques e Xardíns, que cando leu a nota de prensa pensou que estaba en Bosnia, que iso era un campo de minas e que había un perigo grandísimo cun balancín. Di o concelleiro que o balancín se rompeu un fin de semana, recibíuse o parte o luns ás nove da mañá na Policía Municipal e o luns a tarde estaba arranxado e que lle expliquen qué máis axilidade se lle pode dar á solución deste problema, e que ademais a Policía co bo criterio retirou o balancín e puxo unha cinta para que se virá que había un perigo. Di que en relación cos partes dos controis dos parques infantís non fai falla ir á Comisión de Deportes pois tenos todos con el e llos quere ofrecer á oposición e que se fan a calquera parque de calquera pobo do municipio. Remata dicindo o sr. Fernández Arias que cando hai un problema dese tipo é máis positivo chamar á Policía Municipal ou a el que non chamar á

prensa, pois decatouse antes a prensa que a Policía e iso non lle parece lóxico, que todos os membros da Corporación son concelleiros e teñen as mesmas obrigas aínda que uns estean no Grupo de Goberno e outros na oposición.

2 Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 19/14 ata o nº 110/14 e das actas da Xunta de Goberno Local de 30 de xaneiro e 6, 13, 20 e 27 de febreiro de 2014.

A Presidencia dá conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 19/14 ata o nº 110/14 e das actas da Xunta de Goberno Local de 30 de xaneiro e 6, 13, 20 e 27 de febreiro de 2014.

3 Dación de contas das resolucións ditadas contra reparos suspensivos, número 35/2014 e número 76/2014.

A Presidencia dá conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía contra reparos suspensivos dende a última sesión ordinaria, e que corresponden aos números 35/2014 e 76/2014.

4 Dación de conta do informe en materia de morosidade (4º trimestre 2013)

Dáse conta pola alcaldía-presidencia do informe de morosidade do cuarto trimestre do ano 2014, sobre cumprimento da Lei de Morosidade e do informe da Alcaldía sobre xustificación do incumprimento.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:50 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez